

**NOTA ACLARATORIA SOBRE O CONTIDO OBXECTO DE AVALIACIÓN
DO TEMA 1 DO TEMARIO DE TÉCNICO/A DE CONTROL
(CONVOCATORIA CONCURSO-OPOSICIÓN)**

Por Resolución do 30 de novembro do 2023, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., convocouse o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación.

No anexo I da resolución de convocatoria figuraban os temarios que serven de base para a realización do cuestionario tipo test.

Dentro do tema 1 que figura na categoría de Técnico/a de Control figura o que segue: *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia: competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en relación co réxime de radiodifusión e televisión e co réxime de prensa e de medios de comunicación social (Capítulo I do Título II).*

Planteada unha pregunta sobre o concreto contido do tema, cómpre facer esta aclaración e publicala para o xeral coñecemento de todas as persoas interesadas.

Dentro do tema 1 será obxecto de avaliación todo o contido do Capítulo I do Título II (artigos 27 a 36) do Estatuto de Autonomía de Galicia e non estritamente o artigo 34.

O establecido para esta categoría e con respecto da mesma cuestión resultará aplicable a todas as categorías nas que o tema conteña unha redacción idéntica.

San Marcos, 17 de setembro do 2024

O Director de RRHH da CRTVG


 **CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA**
Recursos Humanos

Víctor Tubío Villar